

Federación Galega  
de Redeiras Artesás  
"O PEIRAO"



## **PROXECTO**

### **O FUTURO PROFESIONAL DAS REDEIRAS ARTESÁS GALEGAS**

---

# **Conclusións Mesa de Traballo de Portonovo**

---

As conclusión que se obtiveron no coloquio *Necesidades e inquiredanzas actuais das redeiras galegas* na mesa organizada en Portonovo foron as seguintes:

- E necesario que as redeiras galegas obteñan a cualificación profesional xa que supón ter unha titulación e por ende un recoñecemento oficial á profesión de armado e reparación de redes e aparellos de pesca.
- A cualificación profesional implica a posibilidade de diversificación da actividade de cada porto polo que se xeran oportunidades de traballo.
- A organización das redeiras é fundamental para loitar polos dereitos laborais do sector.
- A asociación de Portonovo vai retomar a súa intención de entrar a formar parte da Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao". Para isto teñen que arranxar dunha vez por todas a presenza na asociación de persoas que non están dadas de alta na seguridade social.
- As redeiras de Raxó poranse en contacto coa Federación de Redeiras Artesás "O Peirao" para que as asesore dos pasos a dar para formar unha asociación no seu porto e posteriormente federarse.